

Venres, 2 de febreiro de 2024

Núm. 24

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****PONTEAREAS****Persoal, oposicións**

*CORRECCIÓN ERROS ANUNCIO E APERTURA NOVO PRAZO PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS PROCESO ARQUITECTO TÉCNICO PARA XESTIÓN DA OFICINA MUNICIPAL DEREHABILITACIÓN INTEGRAL A2*

*CORRECCIÓN ERROS ANUNCIO*

Con data 20 de decembro de 2023, publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 243, as bases e a convocatoria para o nomeamento de persoal funcionario interino ao abeiro do artigo 10.1 c) do TREBEP, dun posto de Arquitecto/a Técnico/a para a Xestión da oficina Municipal de Rehabilitación Integral, Grupo A2, Nivel C.D. 22.

Por erro fíxose constar que o prazo de presentación de solicitudes sería de sete (07) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial do Estado, cando en realidade debería dicir: o prazo de presentación de solicitudes será de sete (07) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

En base ao anterior, ábrese un novo prazo para a presentación de solicitudes de sete (07) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases están publicadas íntegras no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm 243, de data 20/12/2023, na sede electrónica deste Concello, dirección <https://pontearreas.sedelectronica.gal>, na páxina web municipal <https://pontearreas.gal>. e no taboleiro de edictos electrónico.

Pontearreas, documento asinado electronicamente.

A Alcaldesa-Presidenta,

M<sup>a</sup> Nava Castro Domínguez.

